

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 27 DE ABRIL DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se convoca unha consulta popular no municipio de Silleda (Pontevedra) sobre o traslado da Casa do Concello

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o concello de Oza-Cesuras, para o financiamento da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Oza-Cesuras, por un importe total de cento sesenta e sete mil nove euros con catro céntimos (167.009,04 €).

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Baralla para a mellora da rúa Ánxel Fole por un importe total de oitocentos vinte e nove mil seiscientos trinta e sete euros con once céntimos (829.637,11€).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amicos), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de educación Especial Amicos, polo importe máximo de oitenta e oito mil trescentos corenta e seis euros con vinte e catro céntimos (88.346,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Aspace, polo importe máximo de oitenta e catro mil douscentos corenta e cinco euros con vinte céntimos (84.245,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado aos centros de educación especial Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de douscentos sesenta e tres mil cincocentos noventa e nove euros con setenta e seis céntimos (263.599,76 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Aspanaex, polo importe máximo de trinta e tres mil novecentos catorce euros con cincuenta e seis céntimos (33.914,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Ntra. Sra. de Lourdes, polo importe máximo de sesenta e tres mil trescentos sesenta e catro euros con setenta e catro céntimos (63.364,74 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Autismo Ourense, para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Ilustre Mestre, polo importe máximo de vinte e cinco mil cento vinte e nove euros con setenta e catro céntimos (25.129,74 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Bata (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Bata – Os Mecos, polo importe máximo de dez mil novecentos setenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (10.974,64 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Especial de Empleo sen ánimo de lucro ASCM— Ferrolterra, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado, asociado á entidade, a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e catro mil trinta e cinco euros con vinte céntimos (44.035,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Santísimo Cristo del Amor, polo importe máximo de cen mil catrocentos noventa e seis euros con sesenta e catro céntimos (100.496,64€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer—Aspace, para a posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Amencer e ao Centro de Educación Especial Princesa Letizia, polo importe máximo de cento doce mil vinte e dous euros con catro céntimos (112.022,04 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BS A Esperanza do Val Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Juan María, polo importe máximo de corenta e sete mil douscentos sesenta euros con corenta e oito céntimos (47.260,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e I-LAB Centro Especial de Emprego, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de trinta e dous mil novecentos cincuenta euros con oito céntimos (32.950,08 €).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para superar a porcentaxe establecida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia e adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa bono concilia e se procede á súa convocatoria. Importe total tres millóns catrocentos oitenta e nove mil douscentos euros (3.489.200,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa), dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. Importe total: dous millóns cento setenta e seis mil cincocentos quince euros con corenta céntimos (2.176.515,40 €).

---

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre o Programa de formación e contratación xuvenil para menores de 30 anos.
- Informe sobre o proxecto para desenvolver o primeiro 'ecobarrio' galego na cidade de Ourense.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a formalización de convenios previa á cesión de centros de saúde polas entidades locais ao Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre o Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.

## **A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONVOCATORIA DA CONSULTA POPULAR SOBRE O TRASLADO DA CASA DO CONCELLO DE SILLEDA TRAS A AUTORIZACIÓN DO MINISTERIO**

- *O Consello de Ministros autorizou en marzo esta consulta popular, que se celebrará o próximo 4 de xuño*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que convoca a consulta popular sobre o traslado da casa do concello de Silleda, logo de ser autorizada polo Consello de Ministros o pasado mes de marzo.

Segundo se establece no decreto aprobado hoxe, a consulta terá lugar o próximo 4 de xuño, de acordo coa decisión do Goberno local, que comunicou esta data á Administración autonómica.

No decreto, ademais da data, recóllese tamén a pregunta que se formulará na consulta e a resposta, tal e como foron aprobadas polo Consello de Ministros.

O financiamento de todos os gastos relativos á consulta correspóndenlle ao concello, así como todas as disposicións, acordos ou habilitación de medios persoais e materiais necesarios para a súa realización.

## **A XUNTA HABILITA A CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DA NORMATIVA DA ADMINISTRACIÓN GALEGA**

- *Facilitase así o acceso da cidadanía, na web <http://transparencia.xunta.gal>, que poderá participar no procedemento de elaboración de normas*
- *A Lei de transparencia e bo goberno estableceu como un dos seus principios reitores o de participación cidadá*
- *A Xunta considera un dereito fundamental a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer a participación nos asuntos públicos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración da normativa da Administración galega a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, na web <http://transparencia.xunta.gal>, de forma xeneralizada para todas as consellerías do goberno galego, incluídos tamén os entes instrumentais, co obxecto de mellorar e formentar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, dispón que a Administración xeral galega e as entidades instrumentais do sector público autonómico fomentarán a participación da cidadanía e integrarán as súas necesidades e expectativas na planificación e programación das súas políticas públicas. Ademais, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estableceu como un dos seus principios reitores o de participación cidadá, polo que se considera como obxectivo final dos mecanismos descritos na dita lei a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

Coa posta en marcha do Portal de Transparencia e Goberno Aberto o pasado ano, todas as disposicións en tramitación están á disposición da cidadanía de xeito centralizado, e a partir de agora, con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, efectuarase unha consulta pública a través do dito portal, na cal se pedirá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca dos problemas que se pretenden solucionar coa norma, da necesidade e oportunidade da súa aprobación, dos obxectivos da norma e das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias. O prazo da consulta pública de cada iniciativa normativa será, como mínimo, de 15 días naturais. Por razóns de urxencia debidamente xustificadas poderá acordarse un prazo inferior.

### **Implicación da cidadanía galega**

Esta novo acordo do goberno galego pretende fomentar e mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, facilitando que todas as consultas públicas previas estarán accesibles desde unha única páxina; con facilidade na

selección, xa que as consultas públicas previas estarán dispoñibles segundo a fase de tramitación en que se atopan: “en prazo aberto” ou “pechadas” e incorporación de filtros por temas: departamento, entidade, área temática e rango da norma; con máis facilidade para a presentación de achegas, xa que estará dispoñible un formulario web para a remisión destas, incluíndo a opción de incorporar documentación anexa.

A maiores, unha vez realizado o envío das achegas, estará dispoñible a opción para descargar un documento co contido da opinión e/ou achega presentada e, ademais, recibirá un correo electrónico do Sistema de avisos da Xunta de Galicia que informará da correcta recepción do envío por parte do departamento que xestiona a consulta en cuestión. E os cidadáns poden coñecer cantas achegas se levan presentado, ata o momento, para unha determinada proposta normativa.



## A XUNTA DESTINARÁ UN IMPORTE DE 150.000 EUROS Á REDACCIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL OZA-CESURAS

- *Despois da fusión dos dous concellos, en cada ámbito rexe unha figura urbanística distinta: un plan xeral no caso de Oza dos Ríos e unhas normas subsidiarias no ámbito de Cesuras*
- *Coa redacción dun novo plan xeral porase fin a unha situación transitoria e inxusta e discriminatoria, que pode causar graves problemas aos veciños ao padecer inxustificadas agravios comparativos*
- *Esta iniciativa está ligada á liña de acción impulsada pola actual Xunta de Galicia: que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados á lexislación vixente*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o convenio de colaboración polo que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio financiará a redacción do novo plan xeral de ordenación municipal do Concello de Oza-Cesuras.

Transcorridos máis de tres anos desde a creación do novo municipio, debe poñerse fin á situación na que se atopa este concello, que se rexe por un plan de xeral aprobado en outubro de 2001, no ámbito territorial de Oza dos Ríos e, no caso de Cesuras, por unhas Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico, aprobadas en 1997.

Unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico. Nese sentido, establecerá un orzamento de máis de 150.000 euros para a redacción dun novo plan xeral, que poña fin a unha situación transitoria, que hoxe en día xa se percibe como inxusta e discriminatoria, e que pode causar graves problemas e disfuncións, e o sentimento, por parte de moitos veciños, de padecer inxustificadas agravios comparativos cando, por mor da aplicación de distinta normativa urbanística local, o mesmo problema ten solucións diferentes, dependendo do territorio onde se atope o terreo en cuestión.

Cómpre recordar que o municipio de Oza-Cesuras, nacido en virtude do Decreto 83/2013 do 6 de xuño polo que se aprobou a fusión voluntaria dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras (DOG núm. 108, do 7 de xuño), é o resultado da primeira fusión de municipios en Galicia desde o ano 1968, e, polo tanto, a primeira unión de concellos desde a chegada da democracia.

No relativo ao urbanismo, o novo concello velará para que o seu novo plan xeral respecte a clasificación do solo, especialmente a delimitación do solo urbano e dos núcleos rurais, existente na actualidade; sen que, polo tanto, os solos urbanos e

núcleos rurais diminúan de tamaño ou superficie, sen prexuízo de que se poidan ampliar as áreas de solo urbano e dos núcleos rurais, incluso delimitando outras novas, no caso de darse os requisitos legais para iso. Así mesmo, velará para que os demais parámetros urbanísticos (usos, parcela mínima, edificabilidade, alturas, ocupación do terreo, recuados a lindeiros, etc.) non sexan máis restritivos para a construción que os actualmente vixentes. O concello considerará prioritario que o novo plan xeral posibilite a implementación de industrias no territorio dos antigos municipios de Cesuras e Oza dos Ríos, habilitando para tal fin o solo industrial que resulte preciso.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O GOBERNO GALEGO E O CONCELLO DE BARALLA PARA A EXECUCIÓN DA MELLORA DA RÚA ÁNXEL FOLE, ENTRE A PRAZA MAIOR E O CENTRO DE SAÚDE

- *Este proxecto consta dun orzamento total de 830.000 euros, que serán financiados case na súa totalidade por parte do Goberno galego, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), que xa dispón do proxecto construtivo redactado*
- *A actuación ten por obxectivo a renovación integral desta rúa de 530 metros situada en pleno casco urbano, cun trazado paralelo á N-VI, coa fin de ofrecer unha maior seguridade tanto aos vehículos coma os peóns*
- *Nalgúns tramos da rúa ampliarase a calzada e as beirarrúas, que salvo que as edificacións existentes non o permitan, terán unha anchura media de 1,80 metros*
- *Os traballos a acometer tamén contemplan outras accións complementarias como a renovación dos servizos de abastecemento, saneamento ou alumeado público*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Baralla para a mellora da rúa Ánxel Fole, no treito comprendido entre a praza maior e o centro de saúde.

Este proxecto consta dun orzamento total de 830.000 euros, que serán financiados case na súa totalidade por parte do Goberno galego, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), que xa dispón do proxecto construtivo redactado. Pola súa banda, ao Concello de Baralla corresponderalle a execución das obras.



A actuación ten por obxectivo a renovación integral desta rúa de 530 metros, situada en pleno casco urbano, cun trazado paralelo á N-VI, coa fin de ofrecer unha maior seguridade tanto aos vehículos coma os peóns.

Nalgúns tramos da rúa ampliarase a calzada e as beirarrúas, que salvo que as edificacións existentes non o permitan, terán unha anchura media de 1,80 metros. Ditas ampliacións repercuten directamente nunha maior seguridade viaria que se complementa coa renovación dos servizos públicos que presta o concello.

Os traballos a acometer tamén contemplarán outras accións complementarias como a renovación do servizo de abastecemento, saneamento, pluviais e alumeado público.

Na calzada levarase a cabo o fresado da capa superficial e a extensión dunha nova capa de rodadura de mestura bituminosa en todo o ancho, habilitando dous carrís de ancho homoxéneo cun total de 6 metros. Ademais, realizarase o ensanche da plataforma nos treitos onde é posible para habilitar zonas de aparcamento.

O Executivo autonómico, mediante este tipo de actuacións, pretende resolver carencias nas infraestruturas dos concellos galegos coa fin de mellorar a seguridade viaria e potenciar o desenvolvemento económico e social dos municipios.



## **EDUCACIÓN FACILITARÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO A PRETO DE 300 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á colaboración con asociacións especializadas na atención a estas persoas***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura de addendas aos convenios entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e diversas asociacións de atención a persoas con discapacidade para facilitar o vindeiro curso 2017/18 o servizo de transporte escolar adaptado a 291 alumnas e alumnos. Ao abeiro dos convenios, as devanditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos. O servizo contará co apoio de 58 auxiliares

En concreto asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer—Aspace, coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia Amicos, co Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro ASCM—Ferroterra, S.L., coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña Aspanaes, coa Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación Bata (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), con I-LAB Centro Especial de Emprego e coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor.

O investimento asignado a este fin ascende a máis de 900.000 euros e completárase coas cantidades que se asignen á renovación de convenios de colaboración tamén con entidades similares para a prestación do servizo de comedor escolar a alumnos con este tipo de necesidades específicas

### **Maior inclusión**

Os escolares que reciben este apoio presentan distintos tipos de discapacidades, polas cales precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do

convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten, ademais do transporte escolar, o comedor escolar, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

## A XUNTA MANTERÁ A SÚA APOSTA POLA CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL O VINDEIRO CURSO A TRAVÉS DO BONO CONCILIA

- ***A Consellería de Política Social investirá máis de 3,4 millóns de euros nesta axuda que permite sufragar o custo dunha praza en escolas privadas a aquelas persoas que non obtivesen praza pública nunha escola infantil de cero a tres anos***
- ***Como novidade este ano, habilitarase a posibilidade de conceder o bono a nenos con necesidades específicas de apoio educativo que superen a idade máxima regulamentaria***
- ***Ademais, ampliaranse os supostos de admisión de solicitudes fóra de prazo e abrirase a todas as familias en que se produza un nacemento, acollemento ou adopción do neno con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes***

A Xunta de Galicia seguirá a ofrecer o vindeiro curso as axudas económicas para o bono Concilia, un recurso que permite sufragar o custo dunha praza en escolas privadas a aquelas persoas que non obtivesen praza nunha escola infantil de cero a tres anos sostida con fondos públicos ou que residan en concellos onde non hai un recurso deste tipo sostido tamén con fondos públicos. O obxectivo da Administración autonómica é conseguir, como no curso 2016/17, que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de dita idade a obteñan e que non exista lista de espera.

A orde destas axudas para 2017 presenta diversas novidades co obxectivo de chegar ao maior número de familias posible. Deste xeito, habilitarase a posibilidade de conceder o bono Concilia a nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo que superen a idade máxima regulamentaria e teñan concedida a flexibilización de admisión da duración do período de escolarización. Así mesmo, ampliaranse os supostos de admisión de solicitudes fóra de prazo e abrirase a todas as familias en que se produza un nacemento, acollemento ou adopción do neno ou nena con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes fronte á exigencia de ter que residir en concellos onde non existan escolas infantís de cero a tres anos sostidas con fondos públicos da convocatoria anterior.

Ademais, por primeira vez terase en conta o cambio de concello de residencia ou de traballo da unidade familiar, o cambio de domicilio ou lugar de traballo da unidade familiar dentro do mesmo concello e establécese a posibilidade de ampliar a contía máxima do crédito da convocatoria.

Para seren beneficiarias, as persoas solicitantes deben ter unha nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2014, e para a obtención da axuda teñen prioridade aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización. Tamén poden optar ao

bono aquelas familias en que as dúas persoas proxenitoras traballen en quenda de tarde ou en quendas rotativas e que, con dereito a praza pública, esta non lles resolva as súas demandas de horario.

O bono concilia promove o dereito á escolarización de irmáns/ás nun mesmo centro para facilitar a conciliación das familias. Así, as solicitudes para nenos e nenas que xa contan cun irmán ou irmá nun centro terán posibilidade de opción directa ao bono Concilia nese centro.

A contía que se percibirá por cada praza de xornada completa oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros (con comedor) para as rendas máis baixas. Cómpre destacar que o bono concilia é compatible con outras axudas que poidan recibir as familias para a mesma finalidade sempre que non superen o custo da praza. Na anterior convocatoria beneficiáronse desta medida 2599 persoas.

O orzamento da convocatoria para o curso 2017/18 supera os 3,4 millóns de euros, o que supón manter o orzamento do curso anterior, no cal se incrementou un 105%, proba da aposta da Consellería de Política Social polas escolas infantís como ferramenta de conciliación. A convocatoria do bono Concilia publicarase no mes de maio e o prazo de presentación de solicitudes é dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

### **Aposta do Goberno polas escolas infantís**

O programa bono Concilia constitúe un recurso máis que a Administración autonómica pon á disposición das familias para facilitar a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral. Esta axuda é complementaria da rede de escolas infantís dependente da Xunta de Galicia, que contará no vindeiro curso cun total de 166 escolas en que se ofertarán 9739 prazas públicas. Esta rede, complétase coas 424 prazas concertadas en 23 centros privados e coas preto de 2700 prazas en 47 centros educativos dependentes de entidades privadas de iniciativa social (EPIS).

Por outra banda, a través do Plan concertado, a Administración autonómica contribúe na actualidade ao financiamento dun total de 121 escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade dos concellos galegos.

En total, o número de prazas en escolas infantís que dependen da Xunta ou nas cales participa a Administración autonómica ascenderá o vindeiro curso escolar a un total de 22.439, o que supón un incremento 123 prazas con respecto ao curso actual.

Hoxe en día, Galicia supera a ratio aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas en escolas infantís. Desde o ano 2009, a Administración autonómica aumentou a ratio de cobertura un 18,29%, pasando do 19% ao 37,29% actual. Ademais, no vindeiro



curso, a rede de escolas infantís alcanzará unha cobertura do 38% dos nenos e nenas galegos de cero a tres anos.

## **A XUNTA AUMENTA ATA OS 2,1 MILLÓNS DE EUROS O ORZAMENTO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS EN EMPRESAS EUROPEAS**

- *A través do programa europeo Galeuropa, mozos e mozas menores de 30 anos poderán completar a súa competencia académica e profesional en empresas e entidades de case unha trintena de países*
- *O desemprego entre os participantes nesta iniciativa diminuíu nun 67% despois da experiencia, segundo un estudo da Universidade de Santiago de Compostela*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo para a dotación económica da nova orde da convocatoria do programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa, cuxa publicación se prevé no prazo dun mes cun orzamento que se incrementa este ano en máis de 140.000 euros con respecto á edición do exercicio pasado ata acadar un montante total de 2.176.515,40 euros. Esta iniciativa, enmarcada no Programa operativo de emprego xuvenil e cofinanciada polo Fondo Social Europeo, permitirá que ao redor de medio millar de mozos e mozas galegos realicen, a partir do vindeiro mes de setembro, prácticas formativas non remuneradas en empresas ou entidades de case unha trintena de países europeos para que completen as competencias profesionais e persoais, e así incrementen as súas posibilidades de inserción laboral.

O programa establece tres liñas de axudas, que son as individuais para mozos e mozas –con crédito total de 676.515,40 euros-, para proxectos presentados por entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades no eido da xuventude –para os cales se reserva un millón de euros- e para proxectos impulsados por concellos –dotada con 500.000 euros-. A contía da achega está en función do país de destino e días da estadía, cunha media estimada de 3.300 euros, e as prácticas formativas terán unha duración mínima de 2 meses e máxima de tres. Así mesmo, estas poderán realizarse en calquera empresa ou entidade pública ou privada de calquera destes 27 países: Lituania, Hungría, Letonia, Estonia, República Checa, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Romanía, Portugal, Eslovaquia, Malta, Grecia, Bélxica, Luxemburgo, Chipre, Alemaña, Austria, Países Baixos, Italia, Polonia, Francia, Suecia, Finlandia, Irlanda, Reino Unido e Dinamarca.

O importe da axuda total inclúe unha achega para os gastos de aloxamento e manutención, así como para a viaxe. E para os proxectos de mobilidade promovidos polos concellos e entidades sen ánimo de lucro prevese unha axuda para apoio aos aspectos organizativos, á execución do proxecto e axuda para a entidade de acollida no país de realización das prácticas formativas. Esta convocatoria anticipará o 80 % da axuda antes de iniciar as prácticas, coa finalidade de que a falta de liquidez non sexa un impedimento para participar nesta experiencia.

Os destinatarios deste programa son mozos e mozas menores de 30 anos que estean inscritos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da comunidade autónoma de Galicia. Nas axudas individuais os beneficiarios terán que ter 18 anos feitos, mentres que nos outros dous poderán participar dende os 16 anos, a criterio das entidades.

### **Máis oportunidades para o emprego**

Unha vez finalizados os proxectos, os participantes poderán obter un certificado oficial de experiencias de educación non formal en materia de xuventude, como instrumento que permite confirmar a participación nos programas de educación non formal e sobre todo validar as competencias adquiridas. Galicia é a única comunidade que certifica a participación xuvenil.

A anterior convocatoria de Galeuropa fixo posible que 310 mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e os 29 anos completasen a súa formación con prácticas no estranxeiro.

Un estudo da Universidade de Santiago de Compostela sobre “Os programas de educación non formal e a empregabilidade da xuventude en Galicia”, presentado o ano pasado e que analizou os resultados de tres iniciativas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, constata que o desemprego entre os participantes en Galeuropa diminuíu nun 67%. O estudo destaca que antes das prácticas un 70,04% dos mozos e mozas participantes estaban no paro, cifra que se reduciu despois desta experiencia ata o 23,4%

As competencias adquiridas que mellor valoraron os participantes de Galeuropa, segundo o estudo da Universidade de Santiago, foron as que poden vincularse co seu futuro desempeño laboral, como as aptitudes para os idiomas, a habilidade para traballar nun contexto internacional, a capacidade de adaptación, o coñecemento de culturas e costumes doutros países e o recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade. Ademais, os participantes aprenden expresión e vocabulario propio do sector profesional nun contorno empresarial e coñecen outra organización do traballo.

## A XUNTA ACTIVA CON 90 MILLÓNS UN NOVO PROGRAMA DE EMPREGO QUE PERMITIRÁ FORMAR E CONTRATAR 10.000 MENORES DE 30 ANOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria desenvolverá ata 2020 esta iniciativa pioneira coa cal se busca mellorar a situación profesional das mozas e mozos galegos*
- *O tecido empresarial e os clúster encargaranse de identificar, como experiencia piloto, os profesionais que requiren en Industria 4.0 e agroalimentación, para a seguir, nos centros de titularidade autonómica, a Xunta ofrecer formación á mocidade, dirixida especialmente á que non conte con experiencia laboral*
- *Nunha segunda fase acreditaranse as empresas que participen no programa e que deberán contratar por un mínimo dun ano, co apoio económico da Xunta, os participantes no período formativo*
- *A Administración autonómica achegará, ademais, 7.000 euros por participante para que accedan ao mercado laboral: 5.000 para a empresa para incentivar a contratación e 2.000 euros para que, a través dun bono formación, o contratado poida completar a súa etapa formativa dentro da propia compañía*

A Xunta vén de activar con 90 millóns de euros ata 2020 un novo programa pioneiro en Galicia que permitirá formar e impulsar a contratación laboral de 10.000 menores de 30 anos, un colectivo xa prioritario nas políticas activas de emprego do Goberno galego. A iniciativa, que forma parte do Sistema de garantía xuvenil e está enmarcada na Axenda 20 para o Emprego, busca mellorar a situación profesional da mocidade galega, en especial daqueles mozos e mozas que non contan con experiencia laboral. Con este proxecto, a Xunta pretende consolidar así a tendencia que se observa no desemprego entre os menores de 30 anos, que se reduciu a case á metade (-45,2%) desde o inicio da primeira lexislatura do actual executivo (ano 2009).

A Consellería de Economía, Emprego e Industria busca a través da iniciativa Contrato menores de 30 anos identificar saídas laborais para os novos perfís profesionais e as novas demandas do mercado e contar con profesionais máis preparados en sectores que precisan cualificación especializada. Nesta experiencia piloto, os ámbitos de actuación serán a Industria 4.0 e o sector agroalimentario. Ademais, o programa contribúe a consolidar o emprego estable e de calidade, axudar ao tecido empresarial galego a gañar en competitividade ao dispoñer de traballadores máis axustados ás súas necesidades, e contribuír a fixar poboación xuvenil nas vilas e cidades de Galicia.

Neste sentido, na primeira fase do programa, que a Xunta financia cun orzamento de 20 millóns de euros, e co obxectivo de apostar pola máxima flexibilidade posible, as empresas identificarán a formación que precisan e a Xunta, que tamén consultará as súas propostas ao tecido produtivo e os clústers, dará resposta a estas necesidades a través de programas formativos que se desenvolverán en equipamentos públicos: tanto

nos 12 centros de emprego de titularidade autonómica que imparten formación como no Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago, no cal se ofrecerán cursos de especialización TIC e Industria 4.0. Para impartir esta formación poderase colaborar con entidades con experiencia no eido da formación xuvenil e das novas tecnoloxías.

A Xunta, nunha segunda fase, á cal se destinarán 70 millóns de euros, seleccionará as empresas que desexen participar neste programa para contratar por un mínimo dun ano, co apoio económico da Xunta, as persoas previamente formadas.

Para a selección das empresas, o Goberno galego realizará unha convocatoria pública para acreditarlas na que se primará a estabilidade laboral, é dicir, aquelas firmas en que cuxo cadro de persoal predomine a contratación indefinida; ás que contén cunha estratexia empresarial en materia de Responsabilidade Social Empresarial (RSE), certificacións neste eido ou plans de igualdade; a aquelas compañías con baixa sinistralidade laboral e as que teñan contratado con anterioridade menores de 30 anos.

As empresas que acaden esta acreditación deberán, ademais de contratar os alumnos durante un ano, comprometerse a incorporar os participantes no programa formativo que cumpran co perfil requirido. Para favorecer a contratación, a Xunta, por unha banda, achegará un bono de formación de 2.000 euros a cada menor de 30 anos contratado para que elixa a especialidade en que desexa seguir formándose dentro da empresa; e, por outra, porá á disposición da compañía un bono de contratación de 5.000 euros por cada mozo contratado.

A Axenda 20, a folla de ruta co que o Goberno galego está impulsando o emprego estable e de calidade, ten precisamente entre os seus obxectivos reducir o desemprego entre os menores de 30 anos e adecuar a formación dos traballadores galegos aos perfís profesionais que están demandando as empresas. De feito, os mozos e mozas galegos representan case a metade dos traballadores e traballadoras (47%) que tiveron axudas da Xunta desde 2013 para atopar un emprego. O pasado ano, ademais, o Goberno galego financiou a formación de 8.500 desempregados que obtiveron un certificado de profesionalidade.

## O PRIMEIRO 'ECOBARRIO' GALEGO QUE SE IMPULSA EN OURENSE PERMITIRÁ REDUCIR UN 30% O CONSUMO DE ENERXÍA NA PONTE

- *O desenvolvemento no barrio da Ponte desta iniciativa, baseada no aproveitamento das augas termais para impulsar a eficiencia enerxética, situará a Galicia na vangarda no emprego de enerxías renovables*
- *A Xunta firmará un convenio marco co Concello ourensán e entidades bancarias para avaliar a fórmula de financiamento deste proxecto que suporá unha oportunidade para un barrio en que viven 20.000 veciños e conta con 35 edificios públicos, como centros de saúde, colexios e unha praza de abastos, así como para o polígono industrial do Vinteún*
- *Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, propuxo esta semana ao comisario de Enerxía e Clima, Miguel Arias Cañete, a creación dun grupo de traballo con representantes do BEI e o ICO que fixe a mellor estratexia para optar a fondos europeos*
- *Economía, Emprego e Industria e o Concello de Ourense están elaborando o anteprojecto, que inclúe melloras nas envolventes dos edificios, na iluminación pública exterior e na mobilidade a través do uso de vehículos eléctricos e de gas, así como a posta en marcha de sistemas de district heating que proporcionen enerxía térmica aos inmobles*

O proxecto para facer realidade o primeiro *ecobarrio* galego na cidade de Ourense situará Galicia na vangarda do uso das enerxías renovables, aproveitando as oportunidades que, neste caso, ofrecen as augas termais para impulsar o aforro e a eficiencia enerxética a través da xeotermia e a biomasa. A iniciativa, presentada esta semana en Bruxelas polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, ao comisario de Enerxía e Clima, Miguel Arias Cañete, permitirá reducir o consumo enerxético no barrio ourensán da Ponte.

A realización desta nova proposta servirá de punto de partida para impulsar en Galicia concellos máis sustentables no horizonte 2020. De feito, este primeiro *ecobarrio*, ademais de reducir a factura e o consumo enerxético no barrio da Ponte, suporá un salto cualitativo en canto á utilización das enerxías renovables -a previsión é a que a enerxía final consumida procedente de fontes limpas se incremente nun 30%- e á diminución das emisións de gases contaminantes, que poderán rebaixarse ata un 45%.

No Consello da Xunta celebrado hoxe informouse da futura firma dun convenio marco entre a *Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello de Ourense e entidades bancarias* para afondar nas fórmulas de financiamento do novo proxecto. Nesta mesma liña, a reunión mantida o pasado luns entre Feijóo e Arias Cañete serviu para avanzar na posta en funcionamento dun grupo de traballo en que tamén estarán

presentes representantes do BEI e do ICO para fixar a estratexia máis axeitada para optar a fondos europeos e á colaboración do Plan Juncker.

Na actualidade, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), e o Concello ourensán están a elaborar o anteproxecto co obxectivo de poder presentar o dito informe sobre o barrio da Ponte no mes de xuño.

Esta proposta buscará poñer de manifesto o enorme potencial xeotérmico da cidade de Ourense, o que suporá unha oportunidade para 20.000 veciños e veciñas da Ponte e para 35 edificios públicos, entre os cales se atopan centros de ensino e de saúde, un hospital de día e unha praza de abastos; así como para o polígono industrial das Coiñas, na zona do Vinteún.

Ademais de reducir a demanda de consumo de enerxía nos inmobles públicos e privados, este proxecto integral relacionado coa eficiencia enerxética e de referencia a nivel europeo suporá avances significativos na mellora das envolventes dos edificios; en materia de iluminación exterior pública, coa substitución dos equipos actuais por sistemas máis eficientes e a instalación de programas de telexestión; en mobilidade, coa incorporación á frota de vehículos municipais de unidades que empregan gas e electricidade, así como puntos de recarga pública de coches eléctricos; e no emprego de sistemas de *district heating* que proporcionen enerxía térmica aos edificios do barrio da Ponte.

## **O SERGAS ASUME OS GASTOS DE MANTEMENTO DE 18 CENTROS DE SAÚDE AO ABEIRO DO PACTO LOCAL**

- *Súmanse aos 49 centros cedidos á Comunidade Autónoma desde o ano 2009*

O Servizo Galego de Saúde asume os custos de mantemento dos centros de saúde da Laracha, Laxe, Présaras (Vilasantar), As Pontes, Mugar dos, Folgoso do Courel, Meira, Xove, A Peroxa, Forcarei, Anafáns (Poio), Ribadumia, Mondariz, Chapela (Redondela), Boiro, Brión, Silleda e Touro. O Consello da Xunta autorizou esta mañá os expedientes de cesión da titularidade dos centros de saúde ao Sergas logo de que se asinasen cadanseus convenios cos distintos concellos. Agora será elevada a escritura pública e inscrita no Rexistro da Propiedade.

Esta transferencia destes 18 centros de saúde ten un custo anual de preto dun millóns de euros para a Xunta de Galicia.

Estes centros de saúde súmanse aos 49 centros cedidos xa á Comunidade Autónoma no eido do Pacto Local.

Os convenios asinados establecen as bases da cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e o correspondente concello para "a cesión da propiedade do centro de saúde de que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos seus gastos de mantemento". Para estes efectos, o concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios, a fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde ao Servizo Galego de Saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gasto de mantemento.

Cómpre destacar que a sinatura dos ditos convenios non comporta a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde, xa que a obriga xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde despois do sometimento ao Consello da Xunta de Galicia, e é ese o momento en que as xerencias de Xestión Integrada asuman os custos de mantemento dos respectivos centros de saúde.

### **Pacto Local**

Entre as actuacións recollidas no Pacto Local, acordo asinado en xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), atópase a asunción pola Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.



Isto concreouse nun Protocolo formalizado en decembro de 2008 entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, no cal se establece o procedemento que se seguirá para a cesión da propiedade -voluntaria para os municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

O proceso de asunción é, en todo caso, voluntario para os concellos.

## O PLAN DIRECTOR DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE FERROL INCREMENTARÁ A CAPACIDADE PARA A HOSPITALIZACIÓN

- *Suporá un aumento da superficie destinada á asistencia sanitaria así como unha mellora na comodidade e humanización dos espazos existentes*
- *Vén dar resposta ás necesidades deste complexo en aspectos esenciais como pode ser a mellora das urxencias ou da hospitalización*
- *Recolle a construción de dúas novas edificacións*
- *Remodela as instalacións do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, informou ao Consello da Xunta sobre o Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e a Redacción do proxecto básico e de execución da fase I deste Plan. O plan director suporá un aumento do 22% da superficie destinada á asistencia sanitaria así como unha mellora na comodidade e humanización dos espazos existentes. Recolle as suxestións e achegas dos profesionais, e vén dar resposta ás necesidades deste complexo en aspectos esenciais como pode ser a mellora das Urxencias ou da Hospitalización.

A proposta prevé que a asistencia sanitaria se prestará nos dous centros hospitalarios que conforman o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, o Hospital Arquitecto Marcide e o Hospital Naval. A ampliación do Hospital Arquitecto Marcide suporá a construción de dúas novas edificacións: a dedicada á hospitalización, urxencias, coidados intensivos e pediatría, o novo edificio asistencial; e a destinada á área técnica e de apoio, necesaria para trasladar as actuais instalacións da zona onde se vai edificar o novo edificio asistencial.

Entre as grandes melloras figura o dimensionamento do complexo hospitalario universitario ferrolán de xeito que incremente nun 22% o número de camas dispoñibles; nun 20% os locais de consultas; e nun 37% os gabinetes de exploración e probas funcionais. No bloque cirúrxico aumentarase o número de quirófanos nun 33%, un deles será un quirófano intelixente, e tamén aumentará o espazo dedicado a reanimación e as áreas de apoio. A ampliación das infraestruturas hospitalarias irá acompañada de novos servizos, como o de cirurxía vascular e dunha mellora na organización.

Este novo deseño require un grande esforzo inversor, pendente dos traballos licitados, no que se establecerán, xa con detalle, as fases de execución e o seu presuposto. Nos próximos meses terá que ser entregado o documento coa redacción definitiva do plan director. Para chegar ao proxecto definitivo desenvolverase un proceso aberto, transparente e participativo no que todos os profesionais do hospital poderán facer as súas achegas

En termos xerais, e para concretar as primeiras accións previas e poder dar resposta inmediata ás dificultades asistenciais actuais do servizo de anatomía patolóxica, estableceuse unha fase 0 do plan director, que na actualidade ten rematado o proxecto definitivo, e se atopa xa en fase de licitación a construción dun novo laboratorio. Para esta nova infraestrutura investirase un total de 1,3 millóns de euros. Na fase I acometeranse as dúas novas edificacións e na fase II a remodelación do ala sur e do Hospital Naval.